

# Galicia Encantada



ANIVERSARIO  
2005 \* 2025  
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

## Flora

### CATEGORÍAS RELACIONADAS

#### *Doenzas e remedios: belidas, dicipela, vultos e toserina*

**Para curar a belida** (como unha tea que se pon no ollo, pica moito e non deixa ver).

Coller 9 grans de trigo. Despois, un por un, había que ir facendo unha cruz con el no ollo e dicindo unha bendición (que non recorda). Feita a cruz e a bendición, metíanse os grans en auga e saíalles como un *globiño* que quedaba apegado nunha punta do gran. Rematada a cura, non se podían tirar os grans onde puidese picalos calquera animal, porque podían pillar eles o mal.

**Para curar a dicipela ou decipela** (infección cutánea)

Facer un ramo con uz branca, ortigas e sabugo (collido a mañá de San Xoán). Pasalo pola parte do corpo afectada e dicir unha bendición ou rezo (tampouco o recorda).

**Para curar vultos na pel**

Buscar un ovo de pita negra. Ir ao San Benito (San Pedro de Mera, Friol...). Fregar o ovo contra o santo e, despois, pasalo polo vulto. Ao pouco tempo, desaparece.

**Para o toserina**

Pedirlle a un muiñeiro que pille un rato que vai á fariña. Esfolar o rato antes de que estea morto de todo. Cocelo en auga. Botarlle mel ou azucre á auga e bebela.

Flora Luaces, a informante, e unha irmá padeceron esta doenza e aplicando este remedio, curaron.

[Información de Toño Núñez, segundo testemuño de Flora Luaces Vázquez, de Vilaestévez, San Xoán de Alto (Lugo). Lugo, novembro de 2016]

## COMENTARIOS ENVIADOS

Miña aboa sacaba as velidas con granos de trigo ( non recordo cantos. Facía Unha cruz por enriba do ollo e rezaba algo así coma : Que Deus e a Virxe María saquen dos teus ollos esta belida. E rezaba Unha Avemaría. Toda a xente dicía que lle pasaba.

" A señora Elvira sanda as belidas"

Enviado por Modesta o 30/01/2023 ás 22:41:21